



# II PonteAventura Raid


"Concello de Ponteceso"

6ª proba da Liga Galega de Raids de Aventura  
3 de Setembro de 2011

## BOLETÍN Nº 2

### INDICE

1. ORGANIZA
2. COLABORA
3. DESCRICIÓN DA PROBA
4. DESENROLO DO RAID
5. SECCIÓNS
6. PARTICIPACIÓN
7. FORMATO DE EQUIPO
8. REGULAMENTOS
9. MATERIAL OBLIGATORIO
10. CLASIFICACIÓNS
11. PREMIOS
12. INSCRICIÓN, PRAZOS E COTA INSCRICIÓN
13. ALOXAMENTOS
14. CONTACTO



\* Este boletín 2 ten información adicional e actualizada con respecto ó boletín 1, que compre votarlle un vistazo

\*Estamos traballando no boletín 3, que sairá unha semana antes da competición

Nota:

• A organización resérvase o dereito de posibles modificacións da información facilitada, se ben informárase no caso de que se produzan incidencias a través do correo electrónico dos equipos inscritos e da páxina web da AGACO [www.agaco.es](http://www.agaco.es)



## 1. ORGANIZA


---



## 2. COLABORA

---





### 3. DESCRICION DA PROBA

O Raid de Aventura é unha proba multidisciplinar por equipos, ó aire libre e con exquisito respecto á natureza. Utilizaranse tarxetas convencionais de orientación.

**Haberá dous puntos de cambios de sección;** polo que os equipos aventura poderán facer eles mesmos de asistencia, mentres que para os equipos élite, a organización poderá desprazar un bulo por equipo para dito punto da transición.

Dende a organización queremos que este sexa un día de disfrute para tódolos Raiders, acompañados das súas familias, polo que tod@s aqueles familiares e amigos que non queiran estar no punto neuráxico, facilitáremoslles puntos de paso para animar a competición. Intentaremos tamén, na medida do posible, facer un retransmisión dende os dous puntos neuráxicos.

Temos aberto un evento no Facebook, co nome II Ponteaventura Raid, para que intercambiades opinións, fagades suxerencias, pincelemos noticias, ...



### 4. DESENROLO DO RAID:

VENRES 2 DE SETEMBRO	
20 a 23 horas	Recepción dos primeiros equipos no Pavillón Polideportivo Municipal de Ponteceso, sito na Zona Escolar
SÁBADO 3 DE SETEMBRO	
8:30 horas	Recepción dos equipos no centro neuráxico da proba, sito no Paseo Fluvial de Ponteceso
9:15 horas	"Briefing" coas últimas novas do raid
10:00 horas	SAÍDA EN MASA
20:00 horas	PECHE DE META
21:00 horas	Entrega de trofeos e pinchos de confraternidade



### 5. SECCIÓNS

O raid terá uns **75 Km e un desnivel 2300 metros** positivo , repartidos en **4 seccións** (btt-ori-btt; trekking; btt; trekking-kayak). Estamos a preparar o 3º e definitivo boletín, onde aparecerán as quilometraxes que lle corresponde a cada sección e o desnivel de cada unha.

### 6. PARTICIPACIÓN

Para participar será obligatorio ter 16 anos cumpridos ou máis (os menores de 18 anos con autorización familiar), e estar en posesión da licenza de Raid da FEDO ou licenza dun día (tramitaraa a organización)

### 7. FORMATO DE EQUIPO:

**ÉLITE:** formato 3+0, tres compoñentes sempre en competición.  
**AVENTURA,** con formato 2+1, dous compoñentes en competición e un reserva, que poderá substituir ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización.





## 8. REGULAMENTOS

- A Liga Galega de Raid de Aventura estará suxeita ás normas da AGACO <http://agaco.es> e da FEDO <http://www.fedo.org>, para os Raids.
- Os equipos clasificaranse atendendo en primeiro lugar ao número de Pcs (balizas) e en segundo lugar ao tempo invertido, este será o total empregado para realizar o raid menos o tempo das bonificacións máis o das penalizacións.

### Penalizacións:

Algunhas seccións terán un tempo máximo de realización, sobrepasalo implica non realizar a seguinte sección e penalizar a totalidade dos puntos da sección.

### Bonificacións:

Os equipos que compitan con compoñentes femininos terán unha bonificación do 5% do tempo real nas seccións que compitan como mixto ou equipo feminino.

## 9. MATERIAL OBLIGATORIO DO RAID

- \* Mochila (progresión). (Unha por participante).
- \* Silbato e coñecer o código Morse de SOS (...---...)
- \* Teléfono móbil co Pin indicado na parte posterior do teléfono
- \* Recipiente para bebida de polo menos 1,5 litros (un por participante)
- \* Manta térmica (unha por participante)
- \* Botiquín (un por equipo) con (2 vendas elásticas, 2 gasas esterilizadas, betadine, esparadrapo, paracetamol, 2 tiritas).

*\* A organización poderá ampliar o material obligatorio nas seccións que considere convintes.*

### Material obligatorio para as seccións con btt:

- Bicicleta BTT e casco

#### Material recomendado:

- Guantes BTT
- Comida
- Kit de reparación BTT
- Porta mapas e brúxula

### Material obligatorio para as seccións con trekking:

- Casco

#### Material recomendado:

- Medias altas ou polainas
- Brúxula

### Material obligatorio para a sección de kayak:

- Casco

#### Material recomendado:

- Portamapas estanco
- Calzado

## 10. CLASIFICACIÓN

Existirá unha clasificación para categoría Elite e outra para a de Aventura.


Os equipos clasificaranse por categoría, tendo en conta;

1º - Nº de Pcs validados (por norma xeral, terán o valor de 1 punto) e

2º - O tempo real invertido co desconto das bonificacións e neutralizacións, en caso de que as houbera

Os **equipos compostos íntegramente por mulleres** beneficiaranse dunha bonificación, aplicable por seccións. A bonificación consiste en restar, do tempo total-real invertido en cada sección, un tempo equivalente ó 5% dese total-real. O resultado da resta será o tempo computable para a clasificación. Da mesma bonificación beneficiaranse os **equipos compostos parcialmente por mulleres**, tendo en conta que a bonificación só se aplicará nas seccións nas que o equipo forme alomenos cunha muller.





## 11. PREMIOS

**ELITE** : Ós tres primeiros equipos clasificados

**AVENTURA**: Ós tres primeiros equipos clasificados

**Mellor equipo feminino ou mixto**

**Sorteo de regalos ó finalizar a entrega de premios**



## 12. INSCRICIÓNS, PRAZOS E COTA DE INSCRICIÓN

**A data límite de inscrición, improrrogable, será o 30 de agosto ata ás 22 horas.**

**Nº máximo de equipos: 60**

A cota de inscrición por equipo será de 54€. Os membros do equipo que non teñan licenza de Raid, terán que aboar 3€/participante para obter dita licenza de proba.

O pago da cota de inscrición do equipo e das licenzas de proba faranse na seguinte conta:

**Caixa Galicia nº 2091-0007-51-3040020833 (BOMBEIROS A CORUÑA)**

**Concepto de ingreso : Inscrición Raid ("Nome do equipo")**

Os equipos terán que enviar o formulario de inscrición oficial (na web) e o xustificante de pago da cota de inscrición (e de licenzas, se procede) á seguinte dirección de correo electrónico: [adcbomberoscoruna@yahoo.es](mailto:adcbomberoscoruna@yahoo.es)

Facede constar no correo de inscrición se ides durmir o venres 2 de setembro, no chan duro (gratis)

*A organización resérvase o dereito de cancelar o raid se non se consegue un número mínimo de equipos participantes.*

## 13. ALOXAMIENTO

O centro da competición estará ubicado na localidade de Ponteceso.

A organización ofrece ós participantes a posibilidade de durmir durante a noite do venres ó sábado en chan duro (pavillón polideportivo), onde contarán con duchas e servizos. Os participantes que desexen facer uso do chan duro terán que indicalo especificamente e con antelación no formulario de inscrición.

A vila de Ponteceso, ofrece tamén un amplo catálogo de casas rurais, hostais, hoteis e todo tipo de aloxamentos a prezos económicos.

<http://www.ponteceso.net/ga/turismo/index.php?mod=est&pet=1>

## 13. CONTACTO

Dirección da proba : [quitoponteceso@yahoo.es](mailto:quitoponteceso@yahoo.es) -- 696.86.85.99

[marcoszalaeta@yahoo.es](mailto:marcoszalaeta@yahoo.es) -- 627.49.66.79

Inscricións e administración: [adcbomberoscoruna@yahoo.es](mailto:adcbomberoscoruna@yahoo.es)

Web oficial II Ponteaventura Raid: [www.bomberoscoruna.com](http://www.bomberoscoruna.com)

Máis información: [www.agaco.es](http://www.agaco.es) e [www.ponteceso.net](http://www.ponteceso.net)

*Nota:*

*• A organización resérvase o dereito de posibles modificacións da información facilitada, se ben informarase no caso de que se produzan incidencias a través do correo electrónico dos equipos inscritos e da páxina web oficial da proba ([www.bomberoscoruna.com](http://www.bomberoscoruna.com))*

